

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DECRETO 153/2013, do 12 de setembro, polo que se aproba a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do Concello de Manzaneda.

O artigo 6.b) da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, atribúe ao Consello da Xunta de Galicia a competencia para aprobar a relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, na falta do correspondente plan.

Con data do 2 de maio de 2013, a Deputación Provincial de Ourense, por instancia do Concello de Manzaneda, solicitou á Xunta de Galicia a aprobación da relación de estradas de titularidade municipal do devandito concello, coa petición de que fosen consideradas, para os efectos de clasificación, como redes secundarias, segundo o artigo 10.4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Posteriormente, o 12 de agosto de 2013 a Axencia Galega de Infraestruturas emite informe favorable á proposta da rede do Concello de Manzaneda.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de setembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

Artigo único

Aprobar a relación de estradas de titularidade municipal do Concello de Manzaneda, que figura como anexo ao presente decreto, clasificadas como estradas secundarias, ao abeiro do artigo 10 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Anexo:

Inclúese no anexo que acompaña este decreto unha relación de estradas en que concorren as circunstancias aludidas. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambien-

CVE-DOG: r5hyx1w9-v1e8-5aw5-koi7-dkb9tzw2opp7



te, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas), atópase á disposición dos interesados un plano onde quedan reflectidas as estradas que se aprobarán como de titularidade municipal do Concello de Manzaneda.

Santiago de Compostela, doce de setembro dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO Relación de estradas municipais

Código	Denominación	Lonxitude estrada (m)	Raio mínimo (m)	Largo medio (m)
OU-44001	Manzaneda (OU-0701)-Escourido	1.907	17,26	4,81
OU-44002	(OU-0702) Acceso a Rozavales	237	31,16	3,50
OU-44003	Manzaneda (OU-0701)-Ponte Bibei (L. concello de Trives)	5.592	10,17	6,00
OU-44004	Manzaneda (OU-0701)-Gabino García	243	67,53	6,35
OU-44005	Manzaneda (OU-0701)-estación Cabeza de Manzaneda (1º tr.)	9.361	12,68	3,97
OU-44006	Variante Paradela (estrada vella)	560	38,16	4,50
OU-44007	Variante Paradela de Arriba	274	50,18	3,50
OU-44008	Manzaneda (OU-0701)-Soutipedre (OU-0701)	9.075	11,78	4,00
OU-44009	(OU-44008) ramal A San Pedro	515	16,29	3,50
OU-44010	Placín (OU-0701)-A Madroa	3.004	10,23	4,50
OU-44011	(OU-44010) ramal a Touza	165	83,35	3,50
OU-44012	(OU-44010) ramal a Cubeiros	468	7,21	3,50
OU-44013	(OU-44010) ramal a Faceira	85	100,20	3,50
OU-44014	(OU-44010) ramal a Borruga	89	21,38	3,50
OU-44015	Cesuris (OU-44008)-Cimadevila de Langullo	1.915	10,07	3,50
OU-44016	(OU-0701) ramal a Placín	143	81,57	3,25
OU-44017	(OU-0701) ramal a Requeixo	1.124	48,80	3,50
OU-44018	(OU-0701) ramal a Trabazos	1.667	11,06	4,00
OU-44019	(OU-44018) enlace Trabazos (OU-44020)	265	65,88	3,50
OU-44020	San Miguel (OU-0701)-San Vincenzo	3.457	13,06	4,00
OU-44021	(OU-44020) ramal a Rebodepó	2.960	23,53	3,50
OU-44022	(OU-0701) estrada a Bidueira	893	26,53	3,33

CVE-DOG: r5hyx1w9-v1e8-5aw5-koi7-dkb9tzw2opp7



Código	Denominación	Lonxitude estrada (m)	Raio mínimo (m)	Largo medio (m)
OU-44023	(OU-0701) ramal a Bidueira	1.047	17,13	3,25
OU-44024	Cimadevila (Reigada)	153	21,61	3,00
OU-44025	A Reigada	127	41,64	3,00
OU-44026	(OU-0701) Reigada-Dernado (límite concello do Bolo)	6.140	16,34	3,92
OU-44027	(OU-0701) Ponte Reigada-Encoro do Vao (límite concello do Bolo)	3.043	6,29	4,00
OU-44028	(OU-0701) antiga estrada (OU-0701)	336	12,50	3,75
OU-44029	Camiño Seoane	393	24,69	3,50
	Lonxitude total das estradas provinciais.....	55.238		
	Número de estradas municipais.....	29		

